

COMUNICADO OFICIAL

Con motivo da situación sanitaria extraordinaria que se está a producir motivada polo COVID-19 e que afecta a todo o sector produtivo, social e cultural do Estado, a Sociedade Deportiva Villestro viuse na obriga de tomar as medidas oportunas orientadas á actividade principal que o club desenvolve, medidas que mudan por completo a planificación previa que dende a Coordinación da Entidade se tiña prevista.

Ante o aluvián de chamadas que están a recibir membros desta Xunta Directiva por parte de socios/as, así como de xente doutros Clubs interesados en entrar a formar parte da nosa estrutura deportiva, para preguntar sobre o inicio dos adestramentos e da competición e co obxectivo de atallar posibles malos entendidos que se poden producir e que poden prexudicar a esta Entidade, dende a Sociedade Deportiva Villestro comunicamos:

1. O CLUB NON INICIARÁ OS ADESTRAMENTOS NAMENTRES O CONCELLO DE SANTIAGO NON ABRA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

A data actual non dispoñemos de instalacións para iniciar a actividade. Todas as instalacións deportivas municipais permanecen pechadas por motivos sanitarios derivados do COVID-19 agás para equipos de categoría Nacional.

O día 16 de setembro o Presidente e o Coordinador da Entidade tiñan concertada unha xuntanza coa Concelleira e co Técnico de Deportes do Concello de Santiago para concretar a apertura das instalacións do Campo de Fútbol da Barrosa e do Pavillón Carmen Estévez, así como para determinar o protocolo a seguir nas mesmas durante a realización das actividades. De forma unilateral, dende o Concello cancelaron dita xuntanza sen nova data, motivada polo repunte de contaxios que durante esta semana se produciron na área de Santiago.

2. NON SE INICIARÁ A COMPETICIÓN NAMENTRES A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL NON SE PRONUNCIE DE FORMA OFICIAL.

Ata a presente data, dende a R.F.G.F. non concretaron ningunha xuntanza con membros dos diferentes Clubs que a conforman de cara o inicio da tempada. Unicamente na semana do 14 ao 20 de setembro hai prevista unha xuntanza telemática para concretar o inicio de tempada do fútbol Sénior nas categorías de 1ª, 2ª e 3ª Autonómica.

Dende a S.D. Villestro estamos pendentes de todos os movementos que se producen no referente ao ámbito de competición, polo que só podemos informar da xuntanza que se celebrará esta semana para os equipos Sénior. Na medida que saibamos algo concreto, toda a masa social do Club será informada.

Dende a R.F.G.F. tampouco se concretou ningún tipo de xuntanza para falar da competición dos equipos de base polo que, e sempre seguindo as nosas estimacións, de empezaren a competir os equipos de base na presente tempada dubidamos moito que o fagan antes do Nadal. De iniciarse algunha competición, dende o Club cremos que os primeiros en comezar serían aqueles equipos que están integrados nunha Liga Galega, Nacional ou División de Honra, pero sempre dende o parecer do Club, non é información oficial que se poida extraer de ningunha xuntanza mantida con membros federativos!!.



3. NON DISPOÑEMOS DUN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CLARO POR PARTE DAS AUTORIDADES PÚBLICAS E DO ENTE FEDERATIVO.

Dende a Sociedade Deportiva Villestro amosamos a nosa ilusión por comezar un ano máis a tempada, pero tamén somos conscientes da situación sanitaria actual e dos seus riscos, polo que sempre poñeremos por diante a saúde dos nosos deportistas, adestradores, colaboradores e o resto da masa social que, dunha ou outra maneira, poida verse afectada polo virulencia do COVID-19.

A día de hoxe o Concello de Santiago non estableceu ningún protocolo previo de actuación para o uso das instalacións deportivas e que nos permita minimizar os riscos.

Dende a R.F.G.F. estableceron de forma inicial un protocolo previo para a volta aos adestramentos, protocolo que é totalmente inviable para un Club coma o noso dadas as exigencias do mesmo, máis orientado a Clubs profesionais que a Clubs de base. Do mesmo xeito, tampouco ten establecido un protocolo claro que afecte á competición en si, polo que tampouco sabemos como proceder no caso de que chegue a producirse un contaxio nun encontro ou adestramento.

4. A SOCIEDADE DEPORTIVA VILLESTRO TEN PREVISTO O INICIO DAS ACTIVIDADES.

Dende a Sociedade Deportiva Villestro temos todo listo para a volta aos adestramentos e retomaremos os mesmos no momento en que o Concello de Santiago nos permita o uso das instalacións do Campo de Fútbol da Barrosa.

Ante a dúbida de se habrá competición de base e ante o posible retraso no inicio da mesma, dende o Club priorizaranse, de forma inicial, adestramentos máis lúdicos, didácticos e técnicos que os adestramentos de competición. Os rapaces organizaranse en grupos reducidos, espallados polo terreo de xogo onde evitarán o contacto entre eles como medida de prevención e onde os adestradores deberán enfocar o traballo máis cara a formación lúdica e individualizada, que cara un obxectivo máis deportivo. Poderán adestrar sen mascarilla, pero os adestradores deberán levala.

No momento que o Club teña “luz verde” por parte do Concello para poder iniciar a actividade, toda a masa social da S.D. Villestro será informada de forma instantánea do comezo dos adestramentos, propiciando por parte da Coordinación do Club os horarios dos mesmos e os pasos a seguir polos menos e nenas.

5. O CLUB RESERVASE O DEREITO DE AVALIAR E ADOPTAR AS MEDIAS PROTOCOLARIAS E A VIABILIDADE DAS MESMAS.

Agardando un protocolo claro de actuación por parte do Concello de Santiago e da Real Federación Galega de Fútbol, dende a Sociedade Deportiva Villestro reservámonos o dereito de avaliar a viabilidade de ditas medidas de cara a execución dos traballos previos para a realización dos adestramentos e a disputa de partidos.

En Villestro, a 16 de setembro de 2020

A DIRECTIVA